



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE AGOSTO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 1 de agosto de 2016

HORA DE COMEZO: 19:05 h.

HORA DE REMATE: 19:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 18 de xullo de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **2.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/DELIMITACIÓNS DE ZONAS DE PREFERENCIA PEONIL**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 27.07.2016, referente a orde para a posta en marcha de medidas propostas pola xefatura da Policía Local de delimitacións de zonas de preferencia peonil, que é como segue:



## Concello de Cangas

"RS Nº 1424/16

*Visto o informe da xefatura de policía que seguidamente se detalle, ordénase a posta en marcha das medidas propostas e a comunicación á Xunta de Goberno Local:*

*'A xefatura da policía local de Cangas por medio do presente informe ten a ben PROPOÑER, a rúa Cuba e a travesía lateral da casa do concello, como ZONA DE PREFERENCIA PEONIL, tendo en conta que este espazo é vital para a conexión da Praza das Pontes, Ozámiz e da Praza do Concello.*

*A proposta recolle os seguintes aspectos que afectarían a sinalización horizontal e vertical.*

*1.- Sinal de zona preferente peonil con lenda de entrada prohibida agás autorizados (tarxetas de corporación, funcionarios con aut., ORAL e outros autorizados na entrada lateral do concello.*

*2.- Pintado de paso peonil unindo a Praza das Pontes coa Praza do Concello, altura da rúa Cuba.*

*3.- Pintado de zona peonil-residencial entre o paso peonil e o cruce coa rúa Méndez Núñez, co logotipo homologado no pavimento.*

*4.- As prazas de discapacitados desprazaranse para o lateral do concello mantendo ou ampliando as existentes.*

*Tamén deberán ser acordadas sinalizacións específicas nos seguintes lugares:*

*5.- Na rúa Méndez Núñez (confluencia co concello) tamén será sinalizada, na actual parada de taxis, cun novo tramo de aparcamento con horario limitado a servizos, os días laborais de 9 a 21 horas, máximo 20 minutos, resto do horario taxis. No tramo inicial será reservado un espazo de dúas prazas para taxis permanentemente.*

*6.- Na zona peonil de Ozámiz e travesías quedará establecida e sinalizada unha zona para uso exclusivo de residentes e autorizados con tarxeta, no tramo da Praza de San Xoán e na parte final á altura da Praza das Pontes".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a orde para a posta en marcha de medidas propostas pola xefatura da Policía Local de delimitacións de zonas de preferencia peonil.



Concello de Cangas

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DE AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO S/INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DE TEMPADA EN ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE**

Examinado o escrito da Alcaldía do día 27.07.2016, referente a dación de conta das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada en zona de servidume de protección de dominio público marítimo terrestre, que di o seguinte:

*"O alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, da conta á Xunta de Goberno Local das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Cangas:*

• *Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán 2016, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Cumprindo coas condicións do anexo.*

• *Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

*1.- G.S.R, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de Francón-Aldán, Cangas.*

*2.- D.E.R.B, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia do Medio-A Congorza-Balea en Darbo-Cangas.*

*3.- B.P.I, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de Arneles-O Hío, Cangas.*

#### A N E X O

*As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes:*

#### *CONDICIÓNS*

*1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.*

*2º.- O horario de apertura será de 10.00 ata as 22.00 horas.*



## Concello de Cangas

3º.- *Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.*

4º.- *Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.*

5º.- *A autorización municipal é intransferible.*

6º.- *Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.*

7º.- *Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de sumidoiros xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.*

8º.- *A instalación será desmontada transcorridos 15 días desde a súa extinción.*

9º.- *Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.*

10º.- *O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2016.*

11º.- *Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.*

12º.- *O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.*

13º.- *Observarase o previsto no R.d. 2817/83, de 13 de outubro e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).*

**14º.- Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas".**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade coa dación de conta do escrito da Alcaldía transcrito anteriormente, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobado as autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para instalación de quioscos



## Concello de Cangas

desmontables de tempada en zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

### **URBANISMO E PATRIMONIO**

#### **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 28 DE XULLO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

##### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.



## Concello de Cangas

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 25.995.- "SALUD AMBIENTAL Y ANIMAL DEL MORRAZO SL",** con enderezo na Avda. de Bueu, nº8-Cangas, para en Rúa Arrecife, nº 12-D-baixo, acondicionamento de local para clínica veterinaria, de conformidade co proxecto de acondicionamento do arquitecto M.L. Lista con visado do 03.06.2016.

**EXPEDIENTE Nº 25.970.- I.P.C.,** con enderezo en Estrada á Praia de Nerga, nº 17-B-O Hío, para ampliación de muro de contención e zona de rodadura en Estrada á Praia de Nerga, nº 17, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto M.V.P.M.I de data decembro de 2015.



## Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 23.589.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.692.- A L.M.D., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies autorizadas son 88,20 m<sup>2</sup>., de soto, 93,85 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 74,15 m<sup>2</sup>., de primeiro andar, de conformidade coa modificación do proxecto básico do arquitecto J.R.L. en data 13 de xaneiro de 2014.

4.A.2) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.497.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR C.J.F.D.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 7 de xullo de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a C.J.F.D., con enderezo no Viso, nº 12B-O Igrexario-O Hío, para vivenda sita no Viso, nº 12-B, ao abeiro da licenza municipal nº 20.105.

EXPEDIENTE Nº 21.957.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.387.- A "Trade Farming 99 SL", outórgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 12 de xullo de 2016. A solicitude está formulada dentro dos prazos establecidos legalmente.

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.944.- A D.B.F., para reconstrución de muro en Vilanova, nº 15 -O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.877.- A I.P.P., para obras de conservación e mantemento de edificación existente en Baixada ao Peirao, nº 33-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.990.- A B.I.G., para acondicionamento de acceso a garaxe e vivenda e reparación de muro de cerramento, en Pinténs, nº 44-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 2 6.032.- A A.S.G., para acabados interiores nun local en Rúa Antonio Nores, nº 1-baixo-Cangas.



Concello de Cangas

## **6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E PATRIMONIO S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM DO CONCELLO DE CANGAS**

Dase conta de proposta do día 28.07.2016 do concelleiro de Urbanismo e Patrimonio, referente a aprobación de expediente de contratación do servizo de redacción do PXOM do Concello de Cangas, que é como segue:

### *"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO*

*Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de marzo de 2016 acordou iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*

*Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 18 de abril de 2016 acordou aprobar o expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, condicionado á previa aprobación polo Pleno da modificación das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*Visto que na sesión plenaria realizada o 29 de abril de 2016 foi rexeitada a proposta de aprobación da modificación das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nos termos que figuraban na cláusula 20ª do prego de cláusulas administrativas particulares do expediente de contratación do servizo de redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas.*

*Modificado o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, que han de rexer a adxudicación do contrato, para os efectos de adaptalo aos pedimentos realizados polos concelleiros na sesión plenaria do 29 de abril de 2016.*

*Visto o disposto no informe do arquitecto municipal de data 17 de marzo e no informe da xefa do departamento de urbanismo de 28 de xullo.*

*Malia o disposto no informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 28 de xullo de 2016.*





## Concello de Cangas

*Examinada a documentación que se achega e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda e o artigo 110 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, PROPOÑO á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, condicionado á previa aprobación polo Pleno da modificación das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos de redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*

*TERCEIRO.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de cincuenta e dous días, contados desde a data de envío do contrato á Comisión Europea, os/as interesados/interesadas poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Urbanismo e Patrimonio, referente a aprobación de expediente de contratación do servizo de redacción do PXOM do Concello de Cangas.

## **FACENDA**

### **7º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

#### **7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinado o informe emitido o día 22.07.2016 polo director de desenvolvemento local, F.F.G, referente a solicitude de devolución de garantías por subministración de roupa de traballo, que é como segue:

*"INFORME REFERENTE Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA ENTREGADA POLA EMPRESA PEYCAR, S.L., CON MOTIVO DE RESULTAR*



## Concello de Cangas

### ADXUDICATARIA DA LICITACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ROUPA DE TRABALLO (LOTES 2 E 3)

*Unha vez rematada a vixencia do contrato asinado coa empresa 'PEYCAR SL', empresa que resultou adxudicataria dos lotes 2 e 3 da licitación dun acordo marco mediante procedemento aberto para a subministración sucesiva de:*

*Lote 2: uniformidade para a Policía Local e Protección Civil.*

*Lote 3: roupa de traballo para outros departamentos municipais, de acordo coa súa solicitude e en virtude do estipulado na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares, non tendo constancia de ningún incumprimento por parte da citada empresa, informo favorablemente respecto de que se lle devolva a garantía definitiva entregada".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
PEYCAR PONTEVEDRA SL	AVAL	681,81 €	CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ROUPA DE TRABALLO LOTE 2

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

8.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTAS 13/2015 1 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 13/2015 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE "ACCIONA AUGA SAU"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 28.07.2016, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de taxación de custas nº 13/2015 dimanante do procedemento de execución definitiva nº 13/2015, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra a instancia de "ACCIONA AUGA SAU", que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTAS Nº 13/2015 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 13/2015 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE ACCIONA AUGA SAU (X-12/37)*



## Concello de Cangas

*Visto o Decreto ditado en data 17/06/2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na Peza de Taxación de Custas 13/2015 dimanante do proceso de execución definitiva nº 13/2015 (PO 396/2012) seguido a instancia de 'ACCIONA AGUA SAU', que dispuxo literalmente:*

*'- APROBAR A TAXACIÓN DE CUSTAS practicada neste recurso con data 16.05.2016, por importe de douscentos euros (200,00 €), a cuxo pagamento foi condenado o CONCELLO DE CANGAS.*

*En caso de ser aboada a través deste órgano, deberá ser ingresada na conta de consignacións nº ES55 0049 3569 9200 0500 1274, aberta no Banco de Santander, debendo por no campo observacións o concepto 3598.0000.95.0013.15. "*

*Vista a dilixencia de ordenación do mesmo Xulgado de data 07/07/2016, con rexistro de entrada nº 9359 de 15.07.2016, pola que se require deste Concello que proceda á maior brevidade posible a aboar á executante a cantidade de tres mil catrocentos trinta euros con sesenta e dous céntimos (3.430,62 €) (tres mil douscentos trinta euros con sesenta e dous céntimos (3230,62 €) en concepto de liquidación de xuros e douscentos euros (200,00 €) en concepto de custas da execución).*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de douscentos euros (200,00 €) en concepto de custas da execución con base no disposto no decreto de data 17.06.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaído na Peza de Taxación de Custas 13/2015 dimanante do proceso de execución definitiva nº 13/2015 (PO 396/2012) seguido a instancia de 'ACCIONA AGUA SAU', a dita cantidade recoñécese con cargo ao vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobado integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de taxación de custas nº13/2015 dimanante do procedemento de execución



## Concello de Cangas

definitiva nº 13/2015 tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra a instancia de "ACCIONA AUGA SAU".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

### **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

#### **9º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE VARIACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

##### 9.A) PROPOSTA S/ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

##### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

**\* Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a A.S.R., co expediente nº 36008/01/002923-50871 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:**

##### Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 45 horas.

- Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta céntimos (551,70 €) (12,26 €/ hora).

*- O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de mil douscentos sesenta e sete euros con setenta e nove céntimos (1267,79 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de tres euros con sesenta e un céntimos (3,61 €/ hora).*



## Concello de Cangas

- Achega económica da persoa usuaria: cento sesenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (162,53 €/mes).

- Data prevista de alta no SAF: 1 de agosto de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 9.B) PROPOSTA S/ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

**\* Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a J.R.V., co expediente nº 36008/01/001493-43344 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:**

#### Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 45 horas.

Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta céntimos (551,70 €) (12,26 €/ hora).

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de mil setenta e seis euros con oitenta e un céntimos (1076,81 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con noventa e cinco céntimos (2,95 €/hora).*

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e dous euros con oitenta e oito céntimos (132,88 €/mes).



## Concello de Cangas

*Data prevista de alta no SAF: 1 de agosto de 2016*”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 9.C) PROPOSTA S/ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* **Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a C.R.G., co expediente nº 36008/01/001851-16442 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:***

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 45 horas.*

*Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta céntimos (551,70 €) (12,26 €/ hora).*

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de novecentos oitenta e tres euros con vinte e tres céntimos (983,23 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con sesenta e seis céntimos (2,66€/ hora).*

*Achega económica da persoa usuaria: cento dezanove euros con cincuenta e seis céntimos (119,56 €/mes).*

*Data prevista de alta no SAF: 1 de agosto de 2016*”.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **10º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE VARIACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA**

#### 10.A) PROPOSTA S/BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra)*

*Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* **BAIXA** no servizo a J.R.D.-A. con expediente nº 36008/01/000868".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **11º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

#### 11.A) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, do día 29.07.2016, relativa á concesión de axuda de emerxencia social, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)*

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por R.A.F. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*



**Concello de Cangas**

*\* Concesión de axuda económica de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (399,38 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE UNHA BOLSA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS POR RENUNCIA DA ANTERIOR BOLSEIRA**

Dáse conta de proposta do día 28.07.2016 da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, referente a aprobación de bases e convocatoria de unha bolsa para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas por renuncia da anterior bolseira, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, Dª TANIA CASTRO PAREDES, S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS TRALA RENUNCIA DA ANTERIOR BOLSEIRA*

*Tendo sido convocado proceso selectivo para a selección de dúas bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de turismo de Cangas, cunha duración de cinco meses repartidos nos períodos de tempo do 17 ao 27 de marzo e do 6 de maio ao 25 de setembro.*

*Vista a renuncia presentada con data 30 de xuño de 2016 pola bolseira seleccionada no proceso anterior proponse.*

*Vista a existencia de crédito suficiente para a presente convocatoria proponse da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, unha bolsa a persoas tituladas, graduadas ou diplomadas en turismo por unha duración total de dous meses e 20 días, para a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas.*

*2.- Aprobar as bases de selección das persoas beneficiarias de unha bolsa ou beca convocada que como anexo se achegan.*





## Concello de Cangas

3.- *Que se sigan todos os trámites ata que se proceda ao seu outorgamento”.*

### A N E X O:

*BASES QUE REXERÁN NA OFERTA DUNHA BOLSA OU BECA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS DURANTE O 2016 TRALA RENUNCIA DA ANTERIOR BOLSEIRA*

#### PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

*Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, unha bolsa para persoas tituladas, graduadas ou diplomadas en turismo por unha duración total de dous meses e 20 días para a adquisición de formación práctica mediante a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas co fin de que as persoas seleccionadas conten cun aproveitamento axeitado de cara a súa formación.*

*A bolsa ascenderá a un total de seiscentos noventa euros (690,00 €) brutos mensuais cunha duración de dous meses e 20 días, a contar dende o 25 de agosto ata o 14 de outubro e do 1 ao 31 de decembro de 2016, atendendo ás necesidades formativas.*

*O período de tempo estará supeditado á data de remate do proceso de selección, de tal xeito que de rematar este con posterioridade á duración deste acrecentará o período posterior no xeito que se indique con antelación a persoa seleccionada.*

*Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sen resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen, adxudicándose a axuda á seguinte persoa en puntuación.*

#### SEGUNDA.- Requisitos

*Para a realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- Ter a nacionalidade española ou ser membro dun país da Unión Europea.*
- Estar en posesión das seguintes titulacións: Técnico superior de información e comercialización turística; Técnico superior en guía información e asistencia turística; Técnico en empresas o actividades turísticas; Licenciatura, grao ou Diplomatura en turismo.*
- Estas titulacións deben estar finalizadas nos 6 anos naturais inmediatamente anteriores ao remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.*



## Concello de Cangas

- *Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.*
- *Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais das prazas que se convocan.*
- *Non atoparse incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Non estar incurso en ningunha outra causa de incapacidade ou incompatibilidade determinada na lexislación vixente.*

*Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dunha persoa que este incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente.*

### TERCEIRA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación a achegar con elas

*As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar **no modelo de instancia que se achega** dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no taboleiro de anuncios, en horario de atención ao público.*

*As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal de Correos antes de seren certificadas. **Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación** no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*As instancias deberán ir achegadas da seguinte documentación:*

- *Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- *Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.*
- *Para a valoración da fase concurso as persoas aspirantes deberán entregar os documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias cotexadas). O tribunal terá en conta a coherencia da documentación aportada cós méritos a valorar, considerándose preferentemente para estes efectos as **certificacións administrativas ou títulos oficiais**. Os méritos non xustificados documentalmente ou insuficientemente xustificados, non serán obxecto de valoración.*

***Toda a documentación aportada deberá presentarse debidamente cotexada.***



## Concello de Cangas

### CUARTA.- Admisión

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.*

*As persoas excluídas disporán de **3 días naturais** a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.*

### QUINTA.- Tribunal cualificador

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida na praza convocada, e terán voz e voto.*

*Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas*

### SEXTA.- Sistema de selección

*O proceso selectivo constará de dúas fases, a de concurso e a de oposición.*

❖ FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 4 puntos



## Concello de Cangas

I. **Méritos académicos.-** Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administracións públicas relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria. **Ata un máximo de 1,25 puntos.**

a) *Máster universitario, curso de posgrao universitario, curso de experto ou especialización universitaria ou equivalente específico en materia de turismo, e cunha duración mínima de 200 horas – 0,50 puntos.*

<b><u>DURACIÓN</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>
<i>10 ou máis créditos -100 ou máis horas</i>	<i>0,25 puntos</i>
<i>De 6 a 9 créditos - De 60 a 99 horas</i>	<i>0,20 puntos</i>
<i>De 3 a 5 créditos - De 30 a 59 horas</i>	<i>0,15 puntos</i>
<i>De 1 a 2 créditos - De 10 a 29 horas</i>	<i>0,10 puntos</i>
<i>9 ou menos horas</i>	<i>0,05 puntos</i>

*No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos.*

*Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.*

II. **Idiomas –** Polo dominio oral e escrito dunha lingua estranxeira, acreditada mediante título oficial, **ata un máximo de 2,50 puntos.**

III.

a) *No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos sinalado anteriormente.*

b)

c) *No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será o seguinte:*

*Certificado A1 ou A2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 0,25 puntos.*

*Certificado B1 ou B2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 0,5 puntos.*

*Certificado C1 ou C2 do marco común europeo de referencia para as linguas: 1 punto.*

IV. **Galego. Ata un máximo de 0,25 puntos** (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación)



## **Concello de Cangas**

- *Validación do Certificado de Lingua Galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación: 0,125 puntos.*
  - *Certificado en Lingua Galega-nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento: 0,25 puntos.*
- ❖ *FASE DE OPOSICIÓN: Obrigatorio e eliminatorio. Puntuación máxima 6 puntos.*

*Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.*

### TEMARIO

- 1. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 2. Principais festas e eventos do municipio.*
- 3. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.*
- 4. As praias de Cangas.*
- 5. Os aloxamentos turísticos do municipio.*

*Todas as persoas que concorran á realización das probas, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.*

*As persoas aspirantes serán chamadas para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídas do proceso as que non comparezan.*

### SÉTIMA.- Cualificación final

*A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre e cando a persoa superase a proba práctica.*

*No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis persoas aspirantes, este resolverase a favor daquela persoa que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obtivese a maior puntuación no primeiro apartado da fase de concurso, de persistir o empate este se resolverá a favor da persoa con maior puntuación na valoración das preguntas reserva e de ser necesario, o empate*



## Concello de Cangas

*resolveríase finalmente mediante unha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre as persoas empatadas.*

*O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello a puntuación obtida polas persoas presentadas.*

*O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis persoas aprobadas que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.*

*A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución asignando a bolsa a persoa que acade a maior puntuación.*

*O resto das persoas aspirantes, que superando as probas non foran seleccionadas, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir a baixa ou renuncia que se produza da persoas que sí o foi, adxudicándose a axuda ao seguinte persoa en puntuación.*

### OITAVA.– Condicións xerais

*Ademais do resto de condicións establecidas nas presentes bases establécense en particular as seguintes:*

- A persoa beneficiaria da bolsa comprométese a observar o horario de traballo e a disciplina que lle sinale a Concellería de Turismo cun límite de vintetrés horas semanais.*
- O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral ou contractual co Concello de Cangas ou calquera outra administración pública.*
- O pagamento do importe da bolsa estará suxeita as retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007 do 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*
- A efectos do seguimento e valoración do aproveitamento formativo das prácticas da persoa beneficiaria será designada polo Concello unha titora. Con este fin se fixará cando menos unha reunión coa persoa seleccionada por cada un dos períodos nos que se distribúen as prácticas, nestas reunións se sinalarán as pautas a seguir nas prácticas ademais de facer o seguimento das experiencias formativas adquiridas e tratar de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación á experiencia práctica dos coñecementos teóricos adquiridos.*
- Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, a persoa seleccionada estará obrigada a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. Esta memoria será presentada á persoa responsable da titoría que emitirá un informe final sobre as prácticas realizadas.*



## Concello de Cangas

### NOVENA.- Publicidade das bases e da convocatoria destas.

As presentes bases estarán expostas ao público no **TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO** e na paxina web do concello ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a páxina web serán os medios para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

### DÉCIMA.- Carácter das bases e incidencias.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocadora, ao tribunal cualificador e as persoas que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### UNDÉCIMA.- Disposición final.

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, no Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

## A N E X O II

### "MODELO DE INSTANCIA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

D. /D<sup>a</sup> .....con DNI  
....., veciño/a de ....., provincia de  
....., con domicilio na rúa  
....., andar nº ....., letra ....., e  
número de teléfono .....



## Concello de Cangas

### *EXPOÑO:*

*Que quero participar no proceso selectivo dunha bolsa ou beca para a realización de prácticas nas oficinas de turismo de Cangas durante o ano 2016.*

*Que coñezo e cumpro cos requisitos esixidos na base segunda de dita convocatoria.*

### *SOLICITO:*

*Que se teña en conta a presente solicitude, para tomar parte na proba selectiva.*

*Cangas,..... de .....de 2016*

*Sinatura*

### *DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE*

- o Fotocopia cotexada do DNI.*
- o Fotocopia cotexada da titulación esixida.*
- o Documentación cotexada acreditativa dos méritos".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, referente a aprobación de bases e convocatoria de unha bolsa para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas por renuncia da anterior bolseira.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ**





## Concello de Cangas

Dáse conta de proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do día 01.08.2016, referente a solicitude de subvención para prestación do servizo de atención temperá, que é como segue:

### "PROPOSTA

*Publicada no DOG nº 126 de data do 5 de xullo de 2016 a Orde da Consellería de Política Social de data do 22 de xuño de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020.*

*Unha vez que o Concello de Cangas dende mediados dos anos 90 apoia a iniciativa dun grupo de nais e pais do municipio da necesidade de ofrecerlle aos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento, un espazo onde se realizaran distintas intervencións de apoio e estímulo para o desenvolvemento destes.*

*Visto que o concello desde o ano 1999, apoia a iniciativa de crear unha aula de estimulación que ven desenvolvendo o seu traballo en distintos ciclos, a maioría das veces de 7 e 8 meses de atención e períodos de ausencia do servizo de 3 ou 4 meses ao ano.*

*Polo que propón a Xunta de Goberno Local a adpción do seguinte acordo:*

*1.a) Solicitar subvención para a prestación do servizo de atención temperá e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria:*

#### **Actuación Servizo Atención Temperá**

#### **Gastos de persoal segundo custo unitario por horas traballadas (art 7.4]**

<b>Períodos</b>	<b>Custos totais</b>	<b>Importe que se solicita</b>
<i>Do 1.1.2016 ao 31.12.2016</i>	<i>83.463,48</i>	<i>75.117,13</i>
<i>Do 1.1.2017 ao 31.10.2017</i>	<i>75.870,54</i>	<i>68.283,48</i>
<i>Totais .....</i>	<i>159.334,02</i>	<i>143.400,61</i>

*1.b) Designar a C.M.G.M que ocupa o cargo de pedagoga, para as funcións de coordinación e comunicación da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Teléfono de contacto: 986392266. Correo electrónico: [atenciontempera@cangas.gal](mailto:atenciontempera@cangas.gal)*

*1.c) Financiar o custo da acción obxecto de subvención que non resulte financiado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para a súa completa realización".*



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a solicitude de subvención para prestación do servizo de atención temperá.

### **B) ADHESIÓN AO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS S/DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE SAÚDE**

Vista a convocatoria de axudas ás entidades locais no marco do Acordo de colaboración entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), para o desenvolvemento de actuacións en materia de saúde, así como para a implementación local da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no Sistema Nacional de Saúde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Adherirse á Rede de Cidades Saudables, promovida pola Federación Española de Municipios e Provincias, dedicada á promoción, protección da saúde e benestar da cidadanía.

SEGUNDO.- Adherirse á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no Sistema Nacional de Saúde, que promove directamente o Ministerio de Sanidade.

### **C) SOLICITUDE DE J.P.M. S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA CONEXIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DA REDE DE SUMIDOIROS MUNICIPAL**

Examinado o escrito presentado o día 01.08.2016 por J.P.M., no que solicita autorización municipal para a conexión da rede de abastecemento de auga e de sumidoiros municipal de tres vivendas do lugar de Camiño Vello de Pinténs, sendo os gastos ao cargo dos veciños/veciñas interesados/interesadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar ao Sr. P.M. e aos veciños interesados, para a conexión da rede de auga e de sumidoiros municipal de tres vivendas do lugar de Camiño Vello de Pinténs, condicionado á supervisión por parte dos servizos técnicos municipais e pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento e de rede de sumidoiros.



Concello de Cangas

**D) ACORDO DE PRÓRROGA POR MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE "SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS" ASINADO COA UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS "SOOM MANAGEMENT SL" E "ESPROADE SL", DENOMINADA ABREVIADAMENTE "UTE A BALEA CANGAS"**

Visto que en data 28 de outubro de 2015 se asinou coa Unión Temporal de Empresas "SOOM MANAGEMENT SL" e "ESPROADE SL", denominada abreviadamente "UTE A BALEA CANGAS" o contrato de "SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS" por un período de dez meses susceptible dunha prórroga por idéntico período de tempo nos termos establecidos na cláusula 2ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.

Visto que de conformidade co artigo 23.2 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) "*O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas (...)*"

Visto que, en atención ás demandas dos usuarios da piscina, se fixo necesario ampliar tanto o horario de apertura da instalación coma as actividades deportivas que se viñan ofertando, para o cal foi necesario iniciar un novo procedemento de licitación do servizo, mediante providencia de Alcaldía de 14 de xullo de 2016, ao non ser o contrato actualmente vixente coa "UTE A Balea Cangas" susceptible de modificación por tratarse o ius variandi dunha potestade excepcional e limitada aos supostos taxados establecidos polo TRLCSP.

Vista así mesmo a necesidade de garantir a prestación dos servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas na piscina cuberta municipal ata que finalice a tramitación do expediente de adxudicación do novo contrato, que, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada esixe a tramitación dun procedemento que se vai a prolongar durante varios meses, resultando pertinente en consecuencia, que o comezo da execución do novo contrato se faga coincidir co comezo do ano natural.

Visto que o artigo 303.1 do TRLCSP prevé a posibilidade de prórroga por mutuo acordo dos contratos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato asinado coa Unión Temporal de Empresas



## Concello de Cangas

“SOOM MANAGEMENT SL” e “ESPROADE SL”, denominada abreviadamente “UTE A BALEA CANGAS” de “SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS” por un período de 4 meses (ata o 3 de xaneiro de 2017).

SEGUNDO.- Que se lle dea audiencia ao contratista por un prazo de cinco días hábiles para que proceda optativamente a aceptar a prórroga ou presentar as alegacións que considere pertinentes.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente